

# Pintadas na noite. O accidentado contrato da banda de música para as festas de San Salvador

Xosé Álvarez Castro



Portela e un grupo de Amigos

Non estaba de humor o sarxento José Quintas, comandante de posto da Guardia Civil de Cambados, na mañá do 19 de xullo de 1946; remataba de asinar o atestado sobre o sucedido o día anterior, décimo aniversario do golpe militar franquista, para enviárllelo ao xuíz militar de Pontevedra. Aínda que tiña informacións sobre intentos de reorganización dalgúns simpatizantes da derrotada 2ª República, nunca lle dera moita importancia: o castigo sufrido polos "rojos" fora tan forte que o medo tiña paralizada calquera posibilidade efectiva de oposición ao réxime do Caudillo Franco. Ademais os elementos republicanos máis destacados foran eliminados, estaban presos ou suxeitos a liberdade vixiada sometidos a un forte control da propia Guardia Civil ou de elementos falanxistas.

Aínda así, en agosto do ano anterior apareceran na parede do cine de Barrantes e noutras casas pintadas de "Ojo. Vivan los milicianos de las fronteras. Viva Rusia. Muera Franco. Se

*terminó el fascismo.*", con debuxos da fouce e o martelo, así como estrelas de cinco puntas e bandeiras vermellas.

Nesta ocasión repetíanse os feitos e con maior extensión pois chegaban aos arredores da capital: pintadas ao longo da estrada de Vilagarcía e, na circunscrición do sarxento, nas parroquias de Meis e Barrantes, apareceran diversas pintadas feitas con letras de molde e utilizando pintura de cor granate escura. Nas paredes da farmacia de dona María García aparecía escrito "¡Viva la República!" e "UGT" e na casa de Genaro Outeda pintaran "Muera Franco. Viva la República" e así noutros lugares.

O 23 de xullo púxose en marcha a maquinaria da xustiza militar (feitos deste tipo entraban nesta xurisdición) e o comandante de artillería Aniceto Palacios Pavón foi designado instrutor da causa militar 368/46, instruída contra descoñecidos por inxurias a "S.E. el Jefe del Estado".

Pouco a pouco, as pescudas empezaron a dar resultado e coincidían coa idea do sarxento, que sempre sostiña que os autores procedían da capital pontevedresa; un cabo do exército que, acompañado do sobriño do cura de Tremeoedo, trasladábase de noite e a pé dende Pontevedra a Cambados, conta que, en Lérez, atoparan un home cunha gaia que, dirixíndose a eles, chamoulles covardes. Seguiron camiñando e viron a dous homes que levaban a mesma dirección que eles e observaron pintadas no asfalto e varios letreiros nas paredes dalgúns casas. Cando chegaron a Barrantes viron, na fachada principal dunha casa, unha "pintada" con "vivas" á República e "muera" a Franco e á Falanxe asinada pola UGT.

O comisario de policía de Pontevedra afirma ter a pista sobre os posibles autores e pide a correspondente autorización para rexistrar os domicilios de Enrique Dios López "Picolo", albanel de 37 anos domiciliado na Ferreira, Norberto López Baamonde "O Ramallo", un primo de Norberto alcumado "O Peixiño" (José Nantes) e outro do que descoñecen o nome pero saben o domicilio.

Os rexistros nas casas de Enrique "Picolo" e José Nantes Rodríguez "O Peixiño" non deron resultado, do mesmo xeito que o da casa (na Pedra Picada) e zapatería (rúa César Boente) propiedade de Norberto; neste caso a policía recoñece que non atoparon as "armas y propaganda clandestina contra el Nuevo Estado" que buscaban. Como se pode ver,

as acusacións non eran “pecata minuta”. A pesar dos rexistros negativos deteñen a todos por consideralos sospeitosos de ser os autores dos feitos investigados. Ademais de Enrique, Norberto e José, tamén deteñen ao empregado de limpeza do concello José Morgade Esperón, que vivía no Ramallás.

Os detidos son sometidos aos “*hábiles interrogatorios*” que habitualmente acostumaban ir acompañados dun trato non especialmente respectuoso.

Sabido é que o patrón da parroquia de Lérez é san Salvador, pois ben, foi este santo, mellor dito a súa festa, quen proporcionou a coartada para que os detidos tentasen probar a súa inocencia. A comisión de festas de san Salvador e o Cristo estaba composta por vinte e dúas persoas e estaba presidida polo industrial panadeiro Manuel Portela Cobas; nunha reunión celebrada na casa de Ilda González, irmá do médico, acordaran nomear aos detidos para que contratasen a banda de música de Lantaño para a festa do patrón. A noite do 17 de xullo planificaron a viaxe na taberna de Benito Piedras “Benitiño” situada na Ferreira.

José Morgade afirma que o 18 de xullo non saíra da casa ata as sete da mañá cando se levantou para xuntarse cos compañeiros; ao chegar á Ferreira aqueles xa marcharan polo que, en bicicleta, dirixiuse a Lantaño. Na Portela tivo un “pinchazo” e xa eran as once cando atopou en Curro os seus compañeiros, que xa viñan de volta, regresando todos a Lérez.

A versión de Enrique Dios é moi detallada: deitárase ás once e levantouse ás seis e media da mañá, foi chamar por Norberto, que aínda estaba na cama polo que aproveitou para ir á panadería de Portela

para que lle prestasen a bicicleta de Elías Fentanes, cuñado de Portela; como non a tiñan alí foron buscarlla á casa. Xuntouse con Norberto e en cadansúa bicicleta marcharon a Lantaño a onde chegaron contra as dez da mañá. Cando regresaban atoparon a Morgade en Curro e alí tomaron uns bistés e xogaron unha partida á “escoba” chegando á casa entre a unha e media e dúas menos cuarto da tarde.

A versión de Norberto é coincidente pero precisa máis o percorrido tabernario: na ida tomaron un “*chiquito*” na taberna de Rey (Curro) e na volta pararon na de Albino Tilve (A Devesa), cando chegaron a Alba viron letreiros subversivos na fachada da taberna “*La Pampa Argentina*” e Enrique Dios díxolle ao dono: “*Hai que borrar iso, señor Manuel*” e aquel contestoulle que o deixara estar que ao mesmo tempo adornaban a fachada; pararon despois na taberna de Caramés, no empalme da estrada de Vilagarcía coa de Santiago.


O instrutor non deixa pasar o comentario de Manuel Rey, dono de “*La Pampa Argentina*” e sométeo a un careo con “Picolo”; Rey nega que dixera que as pintadas adornaban a parede senón que estaba buscando a maneira de borrarlas e “Picolo” reafirmase no dito. O xuíz considera que aparenta dicir verdade “Picolo”.

A mecánica xudicial segue o seu curso coa demanda dos informes de rigor sobre os investigados. Norberto estaba considerado persoa de orde e de dereitas, Morgade non tiña antecedentes políticos pero sobre Enrique Dios, que fora mobilizado nun batallón italiano de Flechas Negras (onde xurdiu o alcume de Picolo, ou sexa, pequeno), consideran que “*sus conversaciones son siempre de ideas izquierdistas siendo considerado como tal.*”

O presidente da comisión de festas, Manuel Portela, responde polos acusados e achégase copia do contrato coa banda La Unión de Lantaño, asinado polo seu administrador Manuel Vázquez; así podemos saber que actuarían trinta músicos e tocarían dende as dez da mañá ata as dúas da madrugada (supoñemos que cos correspondentes descansos) e que o prezo sería de 1825 pesetas que se pagarían ao remate da festa; os gastos de locomoción e aloxamento corrían por conta da banda.

A pesar de que había bastantes sombras na versión achegada polos detidos e de que algunhas testemuñas non corroboraban a súa versión, como é o caso dun veciño de Alba que aseguraba que vira a tres individuos con bicicletas parados xunto a unha casa sobre as dúas da madrugada e que un deles lle parecera “Picolo” e víraos regresar cara Pontevedra ás dez da mañá, o caso non puido ser resolto e o xuíz militar ordenou sobreselo provisionalmente.

Os detidos quedaron en liberdade ás seis da tarde do seis de agosto de 1946, día da festa de san Salvador; o que non puidemos saber de certo é se tiveran ánimos para achegarse a botar un baile.



Enrique “Picolo”